



# GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NUÑEZ, voceiro do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, instando á Xunta de Goberno a RECLAMAR Á CÁMARA DE COMERCIO DE PONTEVEDRA A DEVOLUCIÓN DAS SUBVENCIONS OUTORGADAS PARA AS FEIRAS “FERPALIA” E “POMÓVIL”, E, NO SEU CASO, A PERSOAR O CONCELLO NOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS QUE SE SEGUEN CONTRA A INSTITUCIÓN CAMERAL.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai tres anos levan abertos no xulgado de instrución número 1 de Pontevedra varios procedementos sobre a xestión económica na Cámara de Comercio de Pontevedra. En paralelo, a prensa escrita foise facendo eco de actuacións nas que o goberno do concello actuou de xeito negligente no seguimento das subvencións outorgadas á Cámara.

Diario de Pontevedra:

“Las dos ferias costaron un 42,6 por ciento menos de lo que se recogía en el convenio firmado entre el concello y la institución cameral” (2.12.2012). “La jueza reclama a la Cámara certificaciones de las ayudas recibidas del concello desde 2008”. “También reclama una copia de los justificantes de pago de las facturas de Pomóvil y Ferpalia de 2011” (1.2.2013).

El País:

“El fiscal investiga por malversación a la Cámara de Pontevedra” (19.3.15).

Pontevedra Viva:

“O Consello de Contas detecta irregularidades da Cámara de Comercio na xestión de Pomóvil e Ferpalia”. (24.3.2015)

Faro de Vigo:

“El concello firmó con la Cámara el acuerdo para las ferias de 2011 después de celebradas” (5.5.2015)



# GRUPO MUNICIPAL

La Voz de Galicia:

“Piden tres años de cárcel por cohecho para la secretaria de la Cámara” (19.5.15).

Aínda que nos anos 2008, 2009 e 2010 sucedeu outro tanto, a seguir facemos un resumo do expediente relativo á subvención polo Convenio de Colaboración de 2011:

- O día 29 de novembro de 2011 asínase o convenio entre as partes, cunha vixencia que remata o 31 de decembro dese ano e serve para subvencionar catro eventos xa realizados a aquela altura: os desfiles de maio e novembro de Pontus Veteris, e as feiras Ferpalia, en outubro, e Pomóvil, en novembro. A subvención do concello ten como tope máximo, segundo a ordenanza, o cincuenta por cento do custo total, e o importe polo que se resolve é de 115.000 euros, a razón de 30.000 por cada pasarela, 40.000 por Ferpalia e 15.000 por Pomóvil. A Cámara dispón de tres meses para presentar os xustificantes de pagamento
- O 4 de abril de 2012, o concello procede á redución da subvención das dúas pasarelas, por non quedar xustificadas a totalidade dos importes orzamentados, e a subvención total baixase a 111.337 euros.
- O 24 de abril requírese da Cámara xustificación que acredite o pagamento das facturas que achegara por Ferpalia (de 101.480 euros) e Pomóvil (por 81.066 euros). Dáselle un prazo de dez días que se amplía en cinco máis a petición da propia Cámara. Esta, o 14 de maio, solicita do concello que “permita de forma excepcional a la Cámara presentar la justificación solicitada del pago de las facturas mencionadas en el momento que se produzca”.
- O 31 de maio, o Asesor Xurídico emite un informe en que sinala a Cámara “non procedeu ao pago dos xustificantes de gasto, polo que en tal conxuntura, debe declararse a perda ao dereito á percepción”.
- O 11 de xuño, o xefe do servizo de Promoción Económica do concello reitera: “Ante a falta da debida rendición da conta xustificativa da Cámara de Comercio perde o dereito á percepción das cantidades subvencionables polas actividades de Ferpalia e Pómovil, que ascenden a un total de 55.000 euros”.
- O 5 de xullo, a Secretaria xeral da Cámara presenta á fin un escrito xuntando os extractos de conta que acreditan que a entidade pagou ese mesmo día á empresa organizadora de Ferpalia e Pomóvil (Grupo Norte) as facturas pola

**Cruz Vermella, 22, baixo. 36002 PONTEVEDRA / [mareapontevedra.org](http://mareapontevedra.org)  
[horario: De luns a venres. De 10,30 a 13,30 e de 17,00 a 20,00 horas]**

[grupomunicipal@mareapontevedra.org](mailto:grupomunicipal@mareapontevedra.org) / 986193815 - 671788740



# GRUPO MUNICIPAL

totalidade das dúas feiras, 182.546 euros (101.480 euros por Ferpalia e 81.066 por Pomóvil). Ocúltanse facturas rectificativas anteriores (de novembro e decembro de 2011) polas que da primeira se recoñece un gasto de 89.066 euros e da segunda de só 15.000 euros, é dicir, un desconto total para os dous salóns de 77.866 euros, unha cantidade que a Cámara recibiu o día despois da presentación dos extractos (6 de xullo) na súa conta.

- O 6 de xullo a concelleira delegada da Área de Promoción asina unha proposta en que (aínda que fai constar que a Intervención Xeral “fiscaliza con reparos... indicando que as facturas que xustifican o gasto das feiras Ferpalia e Pomóvil non cumpren cos requisitos”) dá por bos os xustificantes e lle propón á alcaldía que proceda ao pagamento dos 111.336 euros á Cámara.

- O 7 de agosto, porén, a Intervención Xeral volve dicir: “Non pode informarse favorablemente a concesión da axuda (...) toda vez que aínda que no último trámite de audiencia (...) se presentaron os xustificantes de pago das facturas correspondentes ás feiras Pomóvil e Ferpalia, este se produciu fóra do período subvencionable e, por outra parte, a documentación xustificativa se achega fóra do prazo concedido para a súa presentación da conta xustificativa”.

- A isto todo séguelle unha resolución da alcaldía, de 17 de agosto de 2012, na que di: “Non obstante ao reparo formulado pola Intervención Xeral, esta Alcaldía acorda resolver as discrepancias... ordenando o pago a favor da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra da cantidade de 111.336 euros, con cargo á partida 08.431.0-489.01S (ADREM 2012-10474)”.

Pódese aducir para xustificar esta resolución que os eventos foran efectivamente realizados e, por tanto, cumpría aboar as subvencións conveniadas. Pero hai un Informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia sobre os diñeiros da Cámara pontevedresa nos anos 2010-2011 que establece o seguinte:

“En relación con Ferpalia e Pomóvil, a análise realizada revelou importantes irregularidades na xustificación dos gastos e do pagamento das facturas”. Engade o Consello de Contas, con rotundidade: “A Cámara xustificou o gasto subvencionado coas facturas expedidas inicialmente pola empresa encargada de organizar os eventos e non comunicou ao Concello a existencia de documentación (facturas rectificativas dos importes inicialmente facturados) que evidencia a diminución da contía dos gastos xustificados e dos pagamentos realizados. Como consecuencia da diminución do gasto alterouse a porcentaxe de financiamento comprometido polo concello e incumpríuse o límite de financiamento establecido na ordenanza reguladora das subvencións, fixado nun 50 por cento (...) As reducións operadas no gasto, cuxa causa non resultou acreditada, deberían ter producido unha diminución das contías



# GRUPO MUNICIPAL

sufragadas polo concello. O incumprimento do límite de financiamento constitúe causa do reintegro proporcional das axudas recibidas”.

Á luz de todo isto, MAREA PONTEVEDRA solicita do Pleno do Concello que inste á súa Xunta de Goberno a asumir a seguinte

## PROPOSICIÓN

**1º- Reclamar da Cámara de Comercio de Pontevedra, en defensa dos dereitos de todos os pontevedreses, a devolución das cantidades entregadas polo concello e irregularmente cobradas pola Cámara para a realización das feiras Ferpalia e Pomóvil.**

**2º- Persoar o concello, en caso de que a Cámara non proceda á devolución deses cartos, nos procedementos xudiciais que se seguen contra a entidade cameral (entre outros motivos, pola fraude nas subvencións recibidas do concello) no Xulgado de instrución número 1 (diligencias de Procedemento Abreviado nº 3402/12) para esixir as responsabilidades que correspondan a quen defraudaron o patrimonio de todos.**

Pontevedra, 24 de setembro de 2015

O Portavoz do Grupo Municipal Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez